

MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIXITAL E FUNCIÓN PÚBLICA

Xubilación Parcial IV CONVENIO PERSOAL LABORAL

08/05/2024

A RESOLUCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA XUBILACIÓN PARCIAL NON ESTÁ A DAR OS RESULTADOS ESPERADOS

O mércores 8 de maio fomos convocados por Función Pública por petición da CIG e resto de organizacións a unha reunión para tratar a situacións que se están a dar na aplicación da resolución do ano 2022 relativa á xubilación parcial do persoal laboral acollido ó IV Convenio Único da Administración Xeral do Estado.

Función Pública recoñeceu que a día de hoxe NON tiña datos dos diferentes departamentos ministeriais sobre o número de solicitudes feitas e resoltas, e que descoñecía que tipo de problemas se están a dar. Solicitou aos sindicatos que lle fixeramos chegar por escrito os problemas detectados.

A CIG manifestou que nos parecía inadmisíbel que non tivera os datos das diferentes subcomisións paritarias da aplicación da resolución de xubilación parcial, aínda así, **manifestámoslle os puntos que cremos que se teñen que abordar dun xeito inmediato** para resolver os problemas que estamos detectando:

- A tardanza na resolución das solicitudes, xa que a maioría das solicitudes de xubilacións parciais solicitadas non se chegan a resolver en prazo, chegando a xubilación ordinaria sen ter exercido este dereito.
- Organismos que a día de hoxe non materializaron ningunha solicitude. Creamos que Función Pública debería intervir para garantir este dereito.
- Os cupos (horas) asignados ós ministerios, apróbanse por parte de Función Pública cun gran atraso, ou que lastra todo o proceso.
- Que Función Pública elabore unha guía de tramitación para os ministerios e organismos para que tramiten correctamente cos servizos de emprego das diferentes comunidades autónomas as ofertas das persoas relevistas, xa que detectamos situacións onde os/as candidatos/as enviados non compren os requisitos.
- Tamén solicitamos instrucións claras para que os salarios dos resevistas se axusten á porcentaxe correcta da base de cotización e que axusten os mesmos con complementos e non inventando salarios que non existen no convenio.
- Creación de bolsas provinciais para postos comúns.
- Estudar a posibilidade que un relevista poida ser contratado par dúas xubilación parciais, para deste xeito ter xornada completa.
- Estudar a posibilidade de acumular totalmente o período de traballo da persoa que se xubila parcialmente.